



Bibliotecas Públicas  
Municipais

Premio Nacional María Moliner 2011

# *Raiola de lecturas*

Guía para mozas/os e adultas/os



Agora que se achegan as vacacións, desde as **Bibliotecas Municipais de Oleiros** ofrecemos esta guía formada por unha selección de títulos que fan sorrir, emocionar e reflexionar, coa intención de que poidan pasar momentos agradables coa lectura.

Son algúns dos libros, DVD e CD que hai nas bibliotecas municipais e que se poden levar en préstamo para as casas. Nas distintas bibliotecas de Oleiros hai moitos máis, animamos a que as visiten, utilicen o servizo de préstamo e gocen coa lectura.

## Obras literarias



### A boca da terra = La boca de la tierra

Manuel Rivas. Xerais (en galego). Visor (edición bilingüe)  
Fermoso poemario formado por 58 poesías, dividido en tres partes tituladas: *A terra que se esconde*, *A báscula de Ohio* e *Oracións fúnebres*.

Son poemas nos que Manuel Rivas pon voz á natureza, que fala, berra, murmura, lembra, soña...

Un magnífico libro que nos fala da relación do home coa natureza. E, como di o autor "A linguaxe da terra tamén é a da poesía porque vai contra a falsidade".



dos participantes traza unha trama complexa e moi humana.

### Amor en alpargatas

Manuel Portas. Xerais

Unha novela sobre o amor co nacionalismo como pano de fondo.



### Ardiente secreto

Stefan Zweig. Acantilado

Un relato curto, publicado por primeira vez en 1911, e que agora editou Acantilado, que nos fala principalmente de tres personaxes: unha fermosa dama que, acompañada do seu fillo de 12 anos (Edgar), vai descansar uns días a un hotel-balneario e dun home novo que estará uns días de vacacións no mesmo lugar.

Cunha delicada narración e explicando as distintas emocións, o autor vai falando da alegría



### A contraluz

Rachel Cusk. Libros del Asteroide

Unha escritora inglesa imparte un curso en Atenas. O conxunto


que experimenta Edgar ao ver que lle presta atención un adulto. Como, confiado o adolescente, sente afecto por el e lle ofrece a súa amizade. Pero cando este home consegue entaboar amizade coa nai, desenténdese do adolescente, de forma que este comprende que lle mentiu e que o enganou, que o utilizou para chegar á nai polo que imos asistir aos celos e ao odio que o abrangue.



## Atando cabos

E. Annie Proulx. Círculo de Lectores

Varias desgrazas familiares levan a Quoyle a abandonar Nova Iorque e ir a Terranova, terra da que é orixinario. Esta mudanza será moito máis que un cambio na súa vida.



## Brooklyn

Colm Tóibín. Lumen

Ambientado na década dos 50, conta a historia de Ellis Lacey, unha moza de familia humilde que vive coa súa nai e con Rose, a súa irmá maior, nun pequeno pobo do sudeste irlandés. As dificultades que atopa Ellis para conseguir un traballo medianamente bo, fanlle decidir por aceptalo nos EEUU, precisamente en Brooklyn, un dos con-


dados da cidade de Nova York e que dá título á novela. Alí Ellis traballa como dependenta duns grandes almacéns mentras estuda polas noites.



## Camiños na auga

Manuel Núñez Singala. Galaxia

O protagonista desta novela é Szymo, alguén que naceu nunha zona mergullada na pobreza e o conflito, nun lugar afastado e a miúdo intolerante cos que, coma el, se saen do común.



## A candidata

Miguel Sande. Galaxia

A candidata é un libro peculiar na súa forma narrativa. Conta, a tres voces, a historia dunha familia normal e corrente que perde todo o que tiña, non só a nivel económico, senón tamén a nivel moral. A medida que perden os bens materiais: a casa, a empresa... vanse derrumbando as súas personalidades, máis as dos pais que a da filla. É o relato dunha debacle económica e moral e a dunha rebelión, a da nai e a da filla, contada dunha maneira “ferinte, impactante e abrupta”.



## O canto da sibila

Rebeca Baceiredo. Galaxia

A autora retoma o uso da lírica

medieval utilizando a palabra non dita, a palabra retida na gorxa das mulleres, para que a sibila anuncie unha lírica que foxe da clausura e chegue a todas e a todos.



## La carne

Rosa Montero. Alfaguara


Soledad contrata a un gigoló para provocar ciumes no seu amante. Un suceso casual complica o todo e marca o inicio dunha relación complexa e perigosa.



## Casa de muñecas

Henrik Ibsen. Alianza editorial

Cando se publicou esta obra xenerou gran controversia, xa que critica fortemente as normas matrimoniais do século XIX. Está considerada por moitos críticos como a primeira verdadeira obra teatral feminista.



## Charlotte

David Foerkinos. Alfaguara

Foerkinos descubre nunha exposición en Berlín a Charlotte Salomon, unha semiesquecida pintora xudía que foi exterminada en Auschwitz aos 26 anos. Decide contar a súa vida, que xa empeza marcada pola traxedia, polo suicidio da súa nai sendo ela unha nena. Unha relación

amorosa que deixará unha fonda pegada. A fuxida desde Berlín cara a Francia escapando dos nazis. Cando xa empeza a ser consciente do seu destino, pinta a súa autobiografía nunha obra titulada Vida ou Teatro que entrega ao seu médico, a única persoa na que pode confiar.



## El cielo en la tierra

Nerea de Carreras. Ediciones B


Novela inspirada na vida da historiadora Isabel de Madariaga, filla de Salvador de Madariaga, que viviu en primeira persoa moitos dos grandes acontecementos do século XX. Foi biógrafa de Catalina a Grande de Rusia, e a súa vida tivo grandes paralelismos coa da zarina: exiliadas, obrigadas a loitar nun mundo de homes e sempre movidas pola paixón.



## La conspiración de los mediocres

Ernesto Mallo. Siruela

O terrorismo de Estado na Argentina da época de Videla foi anticipado uns anos antes por José López Rega e a Triple A. Neste contexto atopamos ao detective Perro Lascano investigando o suicidio dun ancián. A violencia e o amor mestúranse nesta obra.



## Quando llega la luz Clara Sánchez. Destino

Tras “*Lo que esconde tu nombre*”, chega esta novela que nos adentra nunha historia de amor e de coraxe, de memoria e de culpa, de esperanza e de fortaleza. Un relato sobre a venganza, os límites do mal e a forza que se esconde no lado máis escuro do ser humano.



## David Golder Irène Némirovsky. Salamandra

A autora de *Suite francesa* deuse a coñecer literariamente con esta obra que ten matices autobiográficos. O mundo de David Golder é dos grandes negocios onde a voracidade dos protagonistas é tan grande como a precariedade das fortunas. A creba económica fai que se vexa só, nun piso en París cunha relación conflitiva familiarmente. O desexo de lucrarse novamente é o comezo doutra aventura co obxectivo de recuperar a súa filla.



## Dulce hogar Dorothy Canfield Fisher. Palabra


Unha novela escrita no 1924 e que foi adiantada ao seu tempo ao introducir a conciliación da vida laboral e familiar, os roles masculino e feminino, a educa-

ción dos fillos, da man dunha escritora case descoñecida.



## Eifel Blues Jacques Berndorf. Funambulista

Outra aportación para os lectores en castelán do xénero negro na figura do xornalista Baumeister. Xubilado nun pobo alemán próximo a Bélxica e a Luxemburgo protagoniza unha investigación con varios mortos, a presenza do exército e a xa desaparecida RDA. Unha trama que lembra a tensión da Guerra Fría dun xeito aséptico e á vez cun alto grao de implicación.



## El elefante desaparece Haruki Murakami. Tusquets

Un conxunto de relatos que xunta o grotesco co cotián nunha aposta dun escritor xa consagrado.



## En el lado de Canaán Sebastián Barry. Alba

Coincidindo coa morte do seu neto, Lilly lembra a súa saída de Irlanda ameazada polo IRA, os traballos, experiencias e situacións diversas que pasou nos Estados Unidos.



## Era por setembro

Xabier Quiroga. Xerais

Unha Aldara xa maior e experimentada, ministra dun goberno de esquerdas vai regresando ao pasado nunha travesía polos seus recordos e analizando os feitos desde a perspectiva dada polo tempo.



## A ferida do vento

Antón Riveiro Coello. Galaxia


Antón ten quince anos e logo de tres meses de internado volve a Xinzo de Limia coa emoción de ver a súa primeira moza. O avó Mauro, unha persoa peculiar que leva un rexistro dos tolos da vila, agarda por el no cuarto para lle dar unha nova que o deixará abraiado. Unha novela que *rende homenaxe a "Vento ferido"* de Carlos Casares.



## El fiordo de la eternidad

Kim Leine. Duomo

Á Copenhague de finais do XVIII chega un mozo para estudar teoloxía. Rapidamente o seu carácter racionalista lévao a tomar decisións opostas ao destino elixido pola súa familia.



## Funny Girl

Nick Hornby. Anagrama

Unha visión divertida e sentimental do Londres da década de 1960 a través dunha aspirante a actriz.



## Gran Granada

Justo Navarro. Anagrama

Na Granada de 1963 asolagada pola auga, un avogado aparece morto no seu hotel. A proximidade da visita do xefe do Estado, urxe a resolución do caso.




## La habitación de Nona

Cristina Fernández Cubas. Tusquets

Premio Nacional de Narrativa 2016

Premio Nacional de la crítica 2015

Neste libro de relatos Cristina Fernández Cubas revisita a infancia e a madurez, a soedade e a familia, a cotidianidade das nosas casas e das nosas cidades. Descómbrenos que en todos eles poden anidar o misterio, a sorpresa e o escalofrío.



## Los herederos de la tierra

Ildelfonso Falcones. Grijalbo

Dez anos despois de *La catedral del mar*, Falcones regresa a ese mundo que tan ben coñece, a Barcelona medieval. Recreando

á perfección a sociedade medie-  
val, prisioneira dunha nobreza  
voluble e corrupta e a loita dun  
home por saír adiante sen sacrifi-  
car a súa dignidade.



## Las horas del silencio

Marta e Rafael Martín Masot.  
Roca Editorial

Novela histórica na que se re-  
crea un fresco da España do sé-  
culo XX, onde os destinos duns  
personaxes aparentemente non  
conectados entre si acaban con-  
fluíndo nun final tan revelador  
como emotivo.



## As horas roubadas

María Solar. Xerais

A morte dun ancián cunha men-  
saxe na súa man “*Dime que me  
quieres*” revela unha apaixonada  
historia de amor que o tempo  
non rematou. Ambientada na  
confusa España de 1979, dous  
anos antes de aprobarse a lei do  
divorcio. Dúas familias vense  
arrastradas por ese vello se-  
gredo e pola necesidade de  
cambiar as súas vidas.



## Huida en Francia: un relato novelado

Soma Morgenstern. Pre-Textos

A anexión de Austria por Ale-  
maña (1938) fai que Soma Mor-  
genstern (Galitzia Oriental,

1890-Nova York, 1976) fuxa a  
París. Tempo despois é inter-  
nado en varios campos france-  
ses e logra chegar a Nova York a  
través de Casablanca e Lisboa.  
Un relato autobiográfico, hu-  
mano e político dunha experien-  
cia traumática que o  
acompañará toda a súa vida.



## A intervención

Teresa Moure. Xerais

Un comando artístico formado  
por persoas de diversas profe-  
sións xúntase para realizar unha  
performance a cabalo entre o  
artístico e o político, nunha his-  
toria colectiva que conecta a  
arte coa loucura.




## A ira dos mansos

Manuel Esteban. Xerais

Premio Xerais de Novela 2016  
O cadáver dunha nena con Sí-  
ndrome de Down aparece nos ter-  
reos do edificio Bandeira en  
Vigo. Para resolver o crime, o  
inspector Carlos Manso ten que  
percorrer os intestinos da delin-  
cuencia viguesa e internacional.  
Unha novela policial con enfo-  
que social que supera moitos  
prexuízos.





## Lección de alemán Siegfried Lenz. Impedimenta

Sigi é un adolescente internado nunha institución para delincentes xuvenís, ao que mandan escribir unha redacción sobre “*as alegrías do deber*”, pero non pode xa que ten moitas historias que contar sobre o tema. Recordará cando tiña nove anos, no 1943, e acompañaba ao seu pai policía a visitar a un amigo pintor para notificarlle a prohibición de pintar ordenada polos nazis. Durante as semanas e os meses seguintes, demostrará ser un vililante implacable da prohibición, e incluso intentará usar de “*chivato*” ao seu fillo.

Unha obra fundamental da literatura alemá do século XX que afonda no sentimento de culpa individual e no de todo un pobo.



## Léxico familiar Natalia Ginzburg. Lumen

Narración de carácter autobiográfico na que asistimos á vida da familia Levi de Turín desde 1930 a 1950. Un paseo pola Italia do fascismo e do antifascismo mesturando anécdotas e fondas reflexións.

## La ley del menor Ian McEwan. Anagrama.

Afeita a avaliar as vidas dos de-



mais nas súas encrucilladas máis complexas, Fiona Maye atópase con que a súa propia existencia non supón o saldo que desexaría: a súa irreprochable traxectoria como xuíza do Tribunal Superior, especializada en dereito de familia, arrinconou a idea de formar unha propia. Nese momento a Fiona encárganlle o caso de Adam Henry, un adolescente, testemuña de Jehová, que rexeita a transfusión de sangue que lle salvaría a vida. Pero Adam aínda non cumpríu os dezaioito anos, e o seu futuro non está nas súas mans, senón nas do tribunal que Fiona preside. Esta debe decidir segundo a lei do menor.



## El libro y la hermandad Iris Murdoch. Impedimenta. Finalista do Booker Prize.

Unha novela coral, dividida en tres partes, que fala dos interiores que pode causar o paso do tempo nos desexos e aspiracións individuais e nas antigas relacións entre amigas/os e antigas/os compañeiras/os de universidade.

Unha historia sobre o amor e a amizade, pero tamén sobre como van cambiando as lealdas segundo pasan os anos.



## Lourenço, Xograr

Manuel Portas. Galaxia

Narra a imaxinada vida de Lourenço, xograr portugués do século XIII, co fondo histórico da Baixa Idade Media. O libro está dividido en dúas partes; na primeira, ao máis estilo da novela picaresca, preséntase a un Lourenço adolescente e namoradoizo que marcha cara terras galegas facendo de xograr do trovador João García de Gilhade. Viaxarán ata Compostela, presentando a través dos ollos do rapaz a vida cotiá da Galicia medieval. A segunda parte rompe totalmente coa estrutura da primeira. Dáse paso a unha polifonía de voces narradoras: Lourenço, o mestre Ferreiro, María Balteira, o propio rei Afonso X, etc, van dando testemuño do protagonista, de si mesmos e da sociedade na que viven.



## Un mal nombre

Elena Ferrante. Lumen

Como segunda parte da coñecida e prestixiosa saga *Dos amigas*, esta autora ofrece unha historia de amizade moi especial.



## Manual para mujeres de la limpieza

Lucia Berlin. Alfaguara

Recuperación de relatos dunha das mellores escritoras norteamericanas do século XX, recoñecida póstumamente.



## La mujer de la libreta roja

Antoine Laurain. Salamandra

Un librero parisino atopa na rúa un bolso. Dentro, nada que identifique a súa dona, tan só obxectos persoais e unha libreta vermella na que a descoñecida ten apuntados os seus pensamentos. O libreiro empeza así un percorrido pola vida desta muller a través da pegada que os nosos seres persoais deixan de nós. Unha pescuda polas rúas e locais parisinos en busca dun amor máxico posible tan só no corazón de quen ten lido moito.



## Los palimpsestos

Aleksandra Lun. Minúscula

A polaca A. Lun escribiu en español o seu primeiro libro que supón unha mestura de humor e realismo arredor do mundo das/os escritoras/es. Partindo dun psiquiátrico belga administrado por unha doutora, vemos como pacientes do mesmo (Nabokov, Ionesco, Kristof e outros)

forman unha paisaxe que nos regalará moi bos momentos.



## Patria

**Fernando Aramburu. Tusquets**  
Conta a historia de dúas familias amigas que viven nun pobo a pouca distancia de Donostia, pero que pouco a pouco se van distanciando por culpa de ETA. A acción abarca cerca de tres décadas, desde mediados do anos 80 ata 2011. Distintos membros destas familias contarán a súa situación e sentimentos durante estes anos. Paralelamente imos vendo o ambiente do pobo. Un ambiente pechado, opresor, no que todo é controlado. Unha novela moi interesante que fala da situación política en Euzkadi, de violencia (non só a das armas, senón tamén a cotián, a que se pode sufrir nunha localidade pequena onde che negan o saúdo por pensar de forma distinta, ou onde aparecen pintadas insultándote) pero tamén de sufrimento e da necesidade de perdón e concordia.

Por último, el corazón  
**Margaret Atwood. Salamandra**  
A progresiva extinción da clase media tomada con humor a través dunha parella que perde a casa e o traballo.



## Puerto escondido

**María Oruña. Destino. Áncora e Delfín**

Unha traxedia no pasado, froito da ambición da paixón, da traición e da locura estalará no presente con imprevisibles consecuencias.



## Qué pequeño es el mundo

**Martin Suter. Libros del Asteroide**

O argumento da novela xira en torno á historia máis íntima dunha poderosa familia de industriais suízos e os intentos que fai a matriarca da familia por evitar que os recordos cada vez máis cercanos á infancia, debido ao alzheimer do principal protagonista da trama, Konrad Lang, poñan en perigo o empório familiar.



## El ruido del tiempo

**Julian Barnes. Anagrama**

A historia de Shostakóvich e Stalin é un duro exemplo das relacións entre arte e poder. Barnes traballa con ela dun xeito reflexivo e intelixente.

## Secretos imperfectos

**Michael Hjorth e Hans Rosenfeldt. Planeta**

Dos creadores de *The Bridge*, a primeira entrega da serie de no-




vela negra que arrasa en Europa. Un rapaz de dezaseis anos aparece brutalmente asasinado. Un brillante equipo policial, dirixido polo experto criminólogo Torkel Torsten e o eminente psiquiatra criminal Sebastian Bergman, segue a pista ao asasino.




**Las sillitas rojas**  
Edna O'Brien. *Errata naturae*  
A chegada dun estranxeiro a un pobo irlandés mudará aos habitantes do mesmo. Unha viaxe por Europa con personaxes fascinantes.



**Sin noticias de Gurb**  
Eduardo Mendoza. Seix Barral  
Premio de Literatura Miguel de Cervantes 2016  
Co motivo do Premio Cervantes ao seu autor, recuperamos este relato da búsqueda dun extraterrestre que desapareceu na urbe barcelonesa, tras adoptar a aparencia de Marta Sánchez. O narrador non é Gurb, senón que é outro alienígena que sae detrás del. O seu diario é o esqueleto da narración.



**O sol do verán**  
Carlos Casares. Galaxia  
Día das letras Galegas 2017  
Historia dun amor imposible.



Estamos no verán de 1968. A narración comeza co suicidio de Carlos, con tan só 27 anos, na casa da súa amiga Helena. A partir deste feito, ela irá narrando os momentos vividos naquela casa de Beiro onde pasaron moitos días xuntos durante a súa infancia e adolescencia, ao mesmo tempo que coñeceremos unha complexa trama de relacións familiares e amorosas. Todo o que iremos percibindo será o que Helena nos irá contando. Consta de nove capítulos cunha estrutura ben construída e unha linguaxe moi traballada. Fermosa obra que, como din na editorial Galaxia, é “*un canto melancólico á beleza, á xuventude e á plenitude da vida e da memoria*”.

**Tan poca vida**  
Hanya Yanagihara. Lumen  
A amizade de catro homes durante tres décadas é o arranque desta novela, que sendo contemporánea resulta atemporal.



**El testamento**  
Andréi Makine. Tusquets  
O relato dun home siberiano obsesionado cunha fabulosa Atlántida e da súa avoa materna que lle abrirá novas posibilida-

des contándolle historias, poemas, amosándolle vellas fotos...



## Tierra sin hombres

Inma Chacón. Planeta

Ambientada íntegramente en Galicia, está adicada, segundo palabras da propia escritora, ás “viúvas de vivos” das que falaba Rosalía de Castro e á soidade á que se tiñan que afrontar mentres agardaban o regreso dos seus maridos emigrados. A novela narra unha historia de principios do século XX na Galicia rural. Conta a historia de Rosalía, unha viúva de vivo e nai de Elisa e Sabela. Intentando evitar que as súas fillas vivan marcadas sempre “*polo que dirán*”, Rosalía pensa en casar a Elisa, a maior, cun home cun futuro, Eloy, ao que a rapaza non quere, mentres que Sabela, que si está namorada de Eloy quedará destinada a coidar da granxa familiar e da súa nai.



## Tú no eres como otras madres

Angelika Schrobsdorff. Errata Naturae


O exercicio da memoria da protagonista na Alemaña de entreguerras. A autora fai un relato exhaustivo, centrado en construír o xeito de pensar dunha

muller que quixo ser diferente desde a súa infancia, desde que tivo conciencia de si mesma e empezou a romper moldes. Elsa, en efecto, non foi como outras nais, pero non porque se despreocupase dos seus fillos ou non sentira afecto por eles, senón porque elixiu un xeito de vida independente e menos conservador que os seus antepasados.

## Uno entre un millón

Mónica Wood. Alianza

Quinn Porter quere redimir as súas ausencias como pai completando as tarefas que deixou o seu fillo sen rematar ao morrer inesperadamente aos 11 anos. Durante sete sábados, traballa como voluntario para Ona Vitkus, unha anciá de 104 anos, de orixe lituana, á que o neno visitaba semanalmente. Quinn pronto descobre que o neno, obsesionado cos récords Guinness, quería que Ona conseguise o récord mundial de persoa de maior idade con permiso de conducir en activo.



## Los últimos años de la magia

José Antonio Fideu. Planeta

Fantasía, aventura e intriga unidas nunha historia que fala de



maxia, magos e de certos poderes que pretenden acabar con todo ese mundo.

## Vento ferido

Carlos Casares. Galaxia

Día das letras Galegas 2017

Doce relatos marcados pola violencia, a soidade e o fatalismo.



## La verdad sobre el caso Savolta

Eduardo Mendoza. Seix Barral  
Premio de Literatura Miguel de Cervantes 2016

Co motivo do Premio Cervantes ao seu autor, recuperamos esta obra publicada no 1975. Está ambientada en Barcelona durante as tensións revolucionarias dos anos 1917-1919 e presenta unha época complexa tanto no que acontece en Barcelona como polas consecuencias da I Guerra Mundial.

A empresa Savolta (unha fábrica de armas) xunto coa cidade de Barcelona son o escenario do relato de Javier Miranda, protagonista e narrador dos feitos. Un mozo de Valladolid que, a principios do século XX, viaxa a Barcelona en busca de traballo, alí comeza no despacho do avogado Cortabanyes, onde coñece ao empresario francés Leprince. Paralelamente, o industrial ca-

talán Savolta, dono desa fábrica que vendeu armas ás nacións en guerra, é asasinado...

Esta obra situou a Eduardo Mendoza entre os mellores escritores actuais. A riqueza de matices nas descricións de ambientes e personaxes, unha trama complexa e a novidade de recursos narrativos empregados fan dela un clásico da literatura contemporánea.

## Banda deseñada

### Boca de diablo

Jerome Charyn e François Boucq. Norma

Cando un bo debuxante e un magnífico historiador gráfico se propoñen facer banda deseñada o resultado é unha das mellores historias do *cómic* relacionadas co espionaxe e a Guerra Fría. Narra o reclutamento e o entreno de Yuri por parte da KGB, desde que este era un neno.




### La casa

Paco Roca. Astiberri

Mejor Cómic Nacional 2015

Tres irmáns volven, un ano despois da morte de seu pai, á casa familiar onde medraron. A súa



intención é vendela, pero con cada cousa que tiran enfrón-tanse ás lembranzas. Ao mesmo tempo, desfáanse do seu pasado, dos recordos de seu pai, pero tamén dos seus propios.



## Mamma mia!

Agustina Guerrero. Lumen


Desde unha perspectiva cómica a autora cóntanos a súas vivencias durante o embarazo.



## Chucrut

Anapurna. Salamandra

Sara, aínda afectada pola morte de seu pai, viaxa a Alemaña para continuar os seus estudos. Alí convive con Greta, a súa caseira, unha estraña anciá que parece esconder un misterio na súa vida.



## Maus

Art Spiegelman. Reservoir Books.

Extraordinaria novela gráfica, que fixo que o seu autor acadase o Premio Pulitzer no ano 1992. Fala de situacións que seguen a pasar na vella e decadente Europa: poboacións civís desplazadas por mor da guerra, persecucións coa excusa dunha relixión diferente, etc.



## Glenn Gould: una vida a contratiempo


Sandrine Revel. Astiberri

Biografía do músico Glenn Gould, considerado un dos grandes pianistas da historia polo seu xeito innovador e rupturista de entender a música clásica.



## País de nieve


Sakuko Utsugi; baseado na obra de Yasunari Kawabata. Quaterni  
Adaptación da obra homónima do premio Nobel Yasunari Kawabata, unha historia de amor non correspondido entre un home rico e unha aprendiz de gheisha na xeada rexión xaponesa coñecida coma País da Neve.



## Gus y yo


Keith Richards. Malpasito

Keith Richards, o mítico integrante dos Rolling Stones, conta neste álbum a historia do seu avó e da súa primeira guitarra.



## El paraíso perdido

Pablo Auladell; baseado na obra de John Milton. Sexto Piso  
Premio Nacional de Cómic 2016  
Adaptación do poema épico *El*



## Kiosko

Juan Berrio. Dib-buks

Nun día coma outro calquera pode suceder algo extraordinario.

## Obras de coñecementos



*paraíso perdido* de John Milton que narra a caída de Lucifer e a expulsión do Paraíso de Adán e Eva.

### El primer paso

Bob Graham. Juventud

O xoves pola mañán, ás 10 menos un minuto, tivo lugar un acontecemento excepcional.



### El río

Alessandro Sanna. Libros del zorro rojo

A beira do río vai cambiando co tempo, a través das estacións suceden historias diferentes.



### Thomas Noland

Daniel Pecqueur, guión; Franz Drappier, debuxos. Ponent Mon

A saga da familia Noland, clásico creado por Franz e Pecqueur nos anos 80, unha banda deseñada de aventuras que abarca cen anos da historia desta familia de aventureiros.



### La vida: una historia de Carles Casagemas y Pablo Picasso

Tyto Alba. Astiberri

Historia da amizade xurdida entre os mozos Pablo Picasso e Carles Casagemas e os seus inicios coma artistas.



### A que altura está o ceo?

Jorge Mira. Alvarellos

Dá resposta a cuestións coma estas: como se puido saber a qué altura están a Lúa, o Sol, e os planetas? É certo que foi un cura quen primeiro falou do Big Bang?...



### Agonía, traición, huida: el final del Sahara español

José Luis Rodríguez Jiménez. Crítica

Unha crónica descarnada do abandono da derradeira colonia española, cun capítulo especial sobre Guinea.



### Alén da casta. Un ensaio sobre o poder e as clases sociais no século XXI

Xavier Pérez Davila. Laiovento

Unha análise do acontecido no tecido económico nas últimas décadas e as súas consecuencias sociais.



### El amargo sabor de la victoria: en las ruinas del Tercer Reich

Lara Feigel. Tusquets

Proceso de “desnazificación” de Alemaña tras a derrota de Hitler, a través da cultura alemá da que os nazis se apropiaron.






Reinicio intelectual e reeducación da poboación.

## El arte de no amargarse la vida

Rafael Santandreu. Paidós

Un método práctico e claro para camiñar cara o cambio psicológico.



## El cerebro del niño

Daniel J. Siegel e Tina Payne Bryson. Alba

O neuropsiquiatra Daniel J. Siegel e a experta en educación infantil Tina Payne Bryson desmitifican as crises e os conflitos propios dos nenos/as explicando cómo está constituído o cerebro infantil e como se desenvolve.



## Buscando el final del arcoiris

Fiona Joy Green, May Friedman (editoras). Bellaterra


Unha exploración das prácticas de crianza desde a fluidez de xénero. Unhas familias explican as diferentes estratexias e reflexións que elaboran sobre cómo facilitar que as súas crianzas poidan sentirse recoñecidas e desenvolverse máis aló dos ríxidos límites que imponen as normas sociais sobre o xénero e a sexualidade.



## El cerebro del niño explicado a los padres

Álvaro Bilbao. Plataforma

Libro que nos ensinará a coñecer mellor o cerebro do neno/a durante os seis primeiros anos de vida fomentando un desenvolvemento equilibrado.



## Carlos Casares. Un contador de historias. Vida e obra


Henrique Monteagudo. Galaxia  
Biografía concisa e ben documentada na que se presta especial atención a todo o relacionado coa obra literaria e xornalística do autor homenaxeado nas Letras Galegas 2017.



## Colmeiro por si mesmo

Xosé Antón Castro e Carlos G. Reigosa. Xerais.

Tres conversas co artista a finais da década de 1980 por Xosé Antón Castro e Carlos G. Reigosa dan as claves para entender a vida e a obra dunha das figuras da renovación da arte galega xunto con Maside, Laxeiro, Torres e outros. Unha fusión da tradición coas vangardas nun libro apoiado cunha antoloxía das súas obras e un apéndice fotográfico.



## Divas Rebeldes

Cristina Morató. Plaza & Janés  
Biografía de sete mulleres rebeldes e inconformistas, que ocuparon páxinas de revistas grazas ao seu talento, beleza e personalidade e foron moi admiradas, pero en realidade foron divas solitarias e acomplexadas que detestaban ser tratadas como estrelas.



## Estudios del malestar. Políticas de la autenticidad en las sociedades contemporáneas

José Luis Pardo. Anagrama  
Premio Anagrama de Ensayo  
Degradado o Estado do benestar, o autor preguntábase desde a filosofía sobre a realidade actual, o uso político do malestar, o papel da arte... a día de hoxe.



## El que juega no hace la guerra: 220 juegos de todo el mundo

Elio Giaccone. CCS  
Recompilación de xogos de todo o mundo adaptados para poder xogar no noso país.



## Las gafas de la felicidad: descubre tu fortaleza emocional

Rafael Santandreu. Grijalbo  
Para esos momentos nos que se precisa tranquilidade, un cambio, relativizalo todo e cubrirse de paciencia. O psicólogo Rafael Santandreu dá unhas pautas -partindo de casos reais- sobre cómo superar os complexos e as adversidades do día a día.



## Entre el mundo y yo

Ta-Nehisi Coates. Seix Barral  
Unha carta dun pai a un fillo que forma unha reflexión arredor da realidade social da Norteamérica actual.



## Galicia entre copas: un viaje fascinante por los mejores vinos del fin del mundo

Mariano Fisac. Hércules de Ediciones  
Guía para coñecer os bos viños galegos sen necesidade de gastar moito.



## Escuela de panes y pizzas: ingredientes y recetas con más de 500 ilustraciones paso a paso


Rossella Venezia. Larousse  
Receitas de pans, pizzas e focaccias, ilustradas con fotografías a cor para amantes da cociña caseira.



## El gran delirio. Hitler, drogas y el III Reich

Norman Ohler. Crítica

O uso das drogas na sociedade nacional-socialista foi algo habitual, empregándose tamén como parte do esforzo de guerra. Un libro que aporta moitísima información destes anos decisivos.



## Hemingway en Galicia

Carlos Casares. Galaxia

Día das Letras Galegas 2017

Da man de Casares coñecemos as visitas de Hemingway nos anos vinte e trinta á Coruña, Betanzos, Santiago e Vigo entre outros lugares. Un viaxeiro curioso con moitísima inquedanza por aprender e coñecer novas xentes e formas de vida, todo narrado coa calidade expositiva de Carlos Casares.



## La guerra no tiene rostro de mujer

Svetlana Alexiéovich. Debate

A testemuña dun grupo de mulleres que formou parte do exército soviético durante a Segunda Guerra Mundial. Unha historia descoñecida, trágica e tamén heroica.



## Historia mínima de Galicia

Justo Beramendi. Turner Publicaciones

Respostas a moitas das cuestións que nos facemos sobre feitos da historia galega como “Por que se produciron as Guerras Irmandiñas?” ou “Que retos afronta Galicia no século XXI?”.



## Hablando sola...

Daniela Rivera Zacarías. Oniro

Chega un momento na vida na que, de repente, todo o que nos confundía empeza a ter sentido: dámonos conta que o que importa son as cousas que non se poden ver, e que as que si están á vista non sempre son o que parecen. Un libro para pensar, medrar, rir e chorar.




## Los hombres me explican cosas

Rebecca Solnit. Capitán Swing

Un conxunto de ensaios mordaces e oportunos sobre a persistente desigualdade entre mulleres e homes e a violencia baseada no xénero. Solnit cita a súa experiencia persoal e outros exemplos reais de como os homes mostran unha autoridade que non se gañaron, men-

tres que as mulleres foron educadas para aceptar esa realidade sen cuestionala.



## Horas en una biblioteca

Virginia Woolf. Seix Barral

Colección de ensaios da autora inglesa, inéditos ata esta data en lingua castelá.



## La magia del orden: herramientas para ordenar tu casa... ¡y tu vida!

Marie Kondo. Aguilar

Axúdache a transformar o teu fogar nun espazo limpo e ordenado de xeito permanente.



## La importancia de entenderlo todo

Grace Paley. Círculo de Tiza


A experiencia en primeira persoa dunha histórica do feminismo e os dereitos civís.



## Más aló do azul e do rosa: como prever a desigualdade de xénero e a violencia machista desde a familia

Ana Torres Jack. Galaxia

A autora trata de dar respostas a cuestións como son o que poden facer pais e nais para educar en igualdade e prever a violencia machista desde a casa, os asedios a causa do maltrato machista e o universo conflitivo dos adolescentes no domicilio, para concluír cun decálogo que definen as familias que educan en igualdade.



## John Lennon

Philip Norman. Anagrama

Unha das biografías máis completas sobre un músico en plena vixencia.



## Mi hermano el Che

Juan Martín Guevara, Armelle Vincent. Alianza Editorial


A lembranza do Che da man dun dos seu irmáns, con multitude de anécdotas e feitos que nos achegan ao guerrilleiro e ao político cincuenta anos despois da súa morte.

## Maestros de la República

María Antonia Iglesias. La Esfera de los Libros

Este libro é por riba de todo unha homenaxe aos mestres e mestras da República, loitadores comprometidos contra o atraso e a incultura, que foron asasinados por defender a causa máis prezada da República: o ensino.





## Miguel Hernández. Pasiones, cárcel y muerte de un poeta

José Luis Ferris. Fundación José Manuel Lara

Con documentación actualizada, fontes epistolarias e testemuñas dos seus amigos, Ferris tráenos esta biografía de gran calidade.



## Mírame bien: memorias

Anjelica Huston. Lumen

Memorias do gran icono cinematográfico e filla do cineasta, John Huston.



## O mundo do traballo en Galicia

Ramón Villares (ed.), Margarita Barral, Antonio Míguez. Feuga

A evolución do mundo laboral galego entre 1750 e hoxe, cun estudo detallado apoiado por documentación e fotografías.



## Mundos para explorar

Editado por Mark Jenkins. National Geographic

Máis de 50 historias do primeiro medio século da revista National Geographic: Teddy Roosevelt nun safari, as cartas de vo de Lindbergh, Sir Edmund Hillary na cima do Everest ou a primeira expedición ao Salto del Ángel no



## Peggy Guggenheim: el escándalo de la modernidad

Francine Prose. Turner

Unha viaxe pola primeira metade do século XX da man dunha muller con intensa vida social, coleccionista de arte, viaxeira, gran lectora e que nas súas propias palabras foi "un museo". Un libro rico en anécdotas e á vez cun interesante contido.



## Planetas: la guía visual definitiva del sistema solar

Maggie Aderin-Pocock (asesora). DK

Unha viaxe apaixonante polo sistema solar. As imaxes artísticas e os mapas en alta definición mostran detalladamente as marabillas que esconde cada planeta.



## El precio de la transición

Gregorio Morán. Akal

Moi interesante descrición da viaxe desde a ditadura franquista ata a democracia.



## Qué rápido, qué rico: fácil y sabroso

Sue Quinn. Alianza Editorial

120 receitas de pratos rápidos e deliciosos para todas as horas do día.



## Que sean fuego las estrellas. Barcelona (1917-1923)

Paco Ignacio Taibo II. Crítica

A historia do anarcosindicalismo español narrada con detalle e dun xeito sumamente ameno. Un libro moi interesante para entender o século XX.



## Ramón del Valle-Inclán entre Galiza e Madrid (1912-1925)

Javier del Valle Inclán Alsina. Laiovento


Biografía sobre os anos nos que o escritor viviu entre Galicia e Madrid e a súa evolución ideolóxica nesta época.



## Tiempos líquidos. Vivir en una época de incertidumbre

Zygmunt Bauman. Tusquets

A mudanza nas estruturas sociais implica que os marcos de referencia non serven como en tempos pasados. Isto conleva a necesidade dunha flexibilidade difícil de asumir.



## Tócala otra vez, Bach: todo lo que necesitas saber de música para ligar

Máximo Pradera. Malpaso


Libro que, humorísticamente, ensina nocións de música clásica para poder deslumbrar a alguén que nos interese especialmente.



## Tranquilos y atentos como una rana

Eline Snel. Kairós

A meditación é unha ferramenta sinxela e eficaz que se adapta ás necesidades dos pequenos e pódelles aportar beneficios inmediatos. Aquí temos historias e exercicios simples e breves que os nenos poderán practicar a diario. Está dirixido a nenos de 5 a 12 anos e aos seus pais e nais, que poden acompañalos na súa práctica.



## Tratado de filosofía zoom

José Antonio Marina. Ariel

Libro para chegar ás grandes cuestións filosóficas a través das pequenas cousas.



## El valor de la memoria

Mercedes Núñez Targa. Renacimiento

Secretaria de Pablo Neruda, presa en Ventas polo seu apoio á República, pasará a Francia onde é detida por formar parte da Resistencia. Enviada ao campo de Ravensbrück, adicou o resto da súa vida a transmitir todo o vivido.



## Victoria Kent y Louise Crane en Nueva York. Un exilio compartido

Carmen de la Guardia. Sílex

Dúas das mulleres máis interesantes do século XX. Grandes traballadoras con ideas innovadoras que hoxe seguen a ser referencia.



## El Volga nace en Europa

Curzio Malaparte. Tusquets

Escritor, diplomático e xornalista, Curzio Malaparte viviu intensamente o século XX participando como soldado na I Guerra Mundial, na experiencia de Italia en Etiopía, e xa como correspondente na II Guerra Mundial visitou Grecia, Finlandia, Polonia, etc. escribindo crónicas que Tusquets pon hoxe á nosa disposición. Uns textos de plena actualidade.

## DVD



## Un día perfecto

Dirixida por Fernando León de Aranoa. Protagonizada por Tim Robbins, Benicio del Toro, Olga Kurylenko. Universal

Nunha zona en guerra un grupo de cooperantes trata de sacar un cadáver dun pozo. O que parece unha tarefa simple convértese nunha misión imposible a causa das circunstancias.



## Dios mío, ¿pero qué te hemos hecho?

Dirixida por Philippe de Chauveron. Protagonizada por Christian Clavier, Chantal Lauby, Ary Abitman. A Contracorriente Films

As catro fillas de Claude e Marie non cumpriron as expectativas matrimoniais dos seus furibundos pais católicos, só queda a menor para ver satisfeitos os valores que tiveron a inculcá-lles desde pequenas.



## Efraín

Dirixida por Yared Zeleke. Protagonizada por Rediat Amare, Kidist Siyum, Wolela Assefa. Karma Films

Un neno vese obrigado a medrar sen os seus pais e aferrarase a súa amizade cun año. Un relato de iniciación que inclúe actores

etíopes non profesionais e que nos traslada a un dos países máis desfavorecidos do planeta.



## The fall: el sueño de Alexandra

Dirixida por Tarsem Singh. Protagonizada por Lee Pace, Caitinca Untaru, Justine Waddel. Tripictures

Exquisita homenaxe visual á maxia de contar historias. Unha nena e un mozo coñecense durante a súa estancia nun hospital. Ela, inqueda, conseguirá que Roy lle conte un fabuloso relato épico de amor e vinganza. Película rodada en 26 localizacións ao longo de catro anos.



## Un gran equipo

Dirixida por Olivier Dahan. Protagonizada por José García, Jean-Pierre Marielle, Franck Dubosc. Cameo Media

Os habitantes dun pobo bretón cuxa industria pesqueira agoniza vense obrigados a recorrer a un grupo de vellas glorias futbolísticas para reforzar o equipo local. O obxectivo é que poidan gañar varios partidos e así obter o diñeiro necesario para evitar a quebra.



## La habitación

Dirixida por Lenny Abrahamson. Protagonizada por Brie Larson, Jacob Tremblay, Joan Allen. Universal

Oscar 2015 á mellor actriz

Para Jack, un neno de cinco anos, a habitación é o mundo enteiro, o lugar onde naceu, onde come, xoga e aprende coa súa nai. Para Jack a habitación é o fogar, mentres para a súa nai é o cubículo onde leva sete anos encerrada. Empezarán unha temeraria fuga, experimentando un traumático regreso á casa.



## El hijo de Saúl

Dirixida por László Nemes. Protagonizada por Géza Röhrig, Levente Molnár, Urs Rechn. Avalon Oscar 2015 á mellor película de fala non inglesa

Cando parece que todo está dito no tema da maior traxedia do século XX, o Holocausto, este director non só nos mostra un film distinto sobre o tema, senón que consegue involucrar ao espectador tanto mental como fisicamente co que aparece na pantalla.





## Lejos del mundanal ruido

Dirixida por Thomas Vinterberg. Protagonizada por Carey Mulligan, Matthias Schoenaerts, Michael Sheen. Twentieth Century Fox

Bathseba, unha orgullosa moza toma as rendas da casa rural da súa tía. A súa independencia, capacidade de traballo pero tamén a súa arrogancia causa efecto inmediato entre a xente coa que terá que traballar. Á súa vez dita personalidade tamén fará que varios pretendentes de diferente condición traten de obter o seu amor. Adaptación do relato de Thomas Hardy.



## Mr. Turner

Dirixida por Mike Leigh. Protagonizada por Timothy Spall, Dorothy Atkinson, Marion Bailey. Cameo Media


Aproximación biográfica aos anos tardíos do pintor paisaxista e precursor do impresionismo e a abstracción J.M.W. Turner. Atmosfera naturalista e intimista para un relato centrado primordialmente na persona por encima do artista, sen escatimar trazos desmitificadores dun personaxe excéntrico e pechado en si mesmo.



## Moonrise kingdom

Dirixida por Wes Anderson. Protagonizada por Jared Gilman, Kara Hayward, Bruce Willis. Cameo Media

O contraste entre a rixidez do mundo adulto e o escapismo adolescente a través dunha historia de amor e solidariedade entre dous mozos ambientada nos anos 60 nun entorno particular, os Scouts. Outra mostra do microcosmos formal de Wes Anderson.



## El niño de barro

Dirixida por Jorge Algora. Protagonizada por Maribel Verdú, Daniel Freire, Chete Lera. Adivina Producciones

Unha serie de asasinatos conmociona a vida dunha poboación argentina a principios do século XX, en plena onda de inmigración europea. Para resolver o caso a Policía contará coa axuda dun mozo vidente. Baseada nun caso real e realizada polo director afincado en Galicia e fundador de Adiviña Produccións.



## Los odiosos ocho

Dirixida por Quentin Tarantino. Protagonizada por Samuel L. Jackson, Kurt Russell, Jennifer Jason Leigh. The Weinstein Company.

Oscar 2015 á mellor banda de son.

Post Guerra Civil Norteamericana, unha dilixencia chea de personaxes moi dispares. Un gran temporal obrígaa a desviarse e permanecer nun salón chamado “La mercería de Minnie” onde están outros catro personaxes tamén moi diferentes. Mentres agardan xurdirá a tensión entre eles e non queda claro que vaian saír todos de alí cando amaine o temporal.



## Omar

Dirixida por Hany Abu-Assad. Protagonizada por Adam Bakri, Leem Lubany, Waleed F. Zuaiter. Cameo Media

A Omar e Nadia só os separa o muro construído por Israel en Cisjordania, barreira que o mozo cruza rutinariamente para visitala. Un incidente fará que sexa capturado e a súa lealdade posta a proba. Película palestina filmada en Nazaret que presentou candidatura ao Óscar 2014.



## La parte de los ángeles

Dirixida por Ken Loach. Protagonizada por Paul Brannigan, Roger Allam, John Henshaw. Paramount Spain

Un conflitivo mozo de Glasgow que debido ao seu pasado vese obrigado a realizar traballos sociais descobre accidentalmente o seu talento na cata do whisky. A cuestión é se dita habilidade lle servirá para transformar a súa vida ou reincidir nos seus comportamentos anteriores. Unha comedia sobre a reinserción.



## El renacido

Dirixida por Alejandro G. Iñárritu. Protagonizada por Leonardo DiCaprio, Tom Hardy. Twentieth Century Fox

Oscar 2015 ao mellor director, mellor actor e mellor fotografía. Inspirada en feitos reais e gañadora de tres Oscar. Narra a historia do lexendario explorador Hugh Glass na súa loita pola supervivencia e a xustiza. Despois do brutal ataque dun oso, Glass é dado por morto por un traidor membro do seu equipo de cazadores.



## Spotlight

Dirixida por Tom McCarthy. Protagonizada por Mark Ruffalo, Michael Keaton, Rachel McDermott. Open Road Films  
Oscar 2015 á mellor película e ao mellor guión orixinal

Baseada na investigación gañadora do premio Pulitzer. No 2002, un grupo de reporteiros de investigación do Boston Globe destapou os escándalos de pederastia cometidos durante décadas por curas do estado de Massachussets.



## Taxi Teherán

Dirixida por Jafar Panahi. Cameo Media  
Gañadora do Oso de Ouro na Berlinale 2015


Unha atípica proposta semi-documental na que o director Jafar Panahi dramatiza as conversacións que tivo con clientes tras facerse pasar por taxista percorrendo as rúas de Teherán. Cun equipo técnico limitadísimo e a honestidade crítica como aceno de identidade, descubrimos un verdadeiro fresco da sociedade iraniana.



## Viajo sola

Dirixida por Maria Sole Tognazzi. Protagonizada por Ivan Cotroneo, Francesca Marciano, Maria Sole Tognazzi. Cameo  
Comedia italiana que analiza con humor se o éxito profesional debe ter o custe do éxito vital.

CD



## Best of Bowie

David Bowie. EMI Records  
Un dobre CD que recopila 39 dos máis famosos temas do lexendario músico británico.



## Purple Rain

Prince and The Revolution. Warner Bros Records  
Sexto disco de Prince e o primeiro coa súa banda The Revolution. Gañou tres Grammys en 1985 ademais dun Oscar á mellor banda sonora no mesmo ano.

**Selección bibliográfica realizada polo persoal do Sistema de  
Bibliotecas Públicas Municipais do Concello de Oleiros:**

- \* Biblioteca Pública Municipal e Centro de Documentación da Muller Rosalía de Castro. Santa Cruz
  - \* Biblioteca Pública Municipal M<sup>a</sup> José Trincado. Mera
  - \* Biblioteca Pública Municipal M<sup>a</sup> José Ruso. Dorneda
  - \* Biblioteca Pública Municipal Manuel María. Oleiros
    - \* Biblioteca Pública Municipal Ánxel Fole. Nós
  - \* Biblioteca Pública Municipal Xograr Mendiño. Lorbé

Visita o noso blog: <http://bibliotecasoleiros.blogspot.com>

Síguenos en **twitter @ biblOLEiros**

Páxina web municipal: [www.oleiros.org](http://www.oleiros.org)

Catálogo do fondo bibliográfico: <http://catalogo-rbgalicia.xunta.gal/>

**Biblioteca Central Rialeda**

Avda. Rosalía de Castro, 227A

15172 Perillo - Oleiros

Tel.: 981 639 511

Fax: 981 639 996

Correo electrónico: [biblioteca.rialeda@oleiros.org](mailto:biblioteca.rialeda@oleiros.org)

Depósito Legal: C 1028-2017



Bibliotecas Públicas  
Municipais

*Premio Nacional María Moliner 2011*



**Concello de Oleiros**

Concellería de Cultura e  
Normalización Lingüística